

asociacións, asigna estas funcións á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, establecendo que será competente para resolver o procedemento de declaración de utilidade pública a persoa titular da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, logo da instrución do procedemento polo órgano correspondente.

De conformidade cos informes favorables de declaración de utilidade pública, emitidos pola instrutora dos expedientes,

RESOLVO:

Declarar de utilidade pública as seguintes asociacións:

-*Asociación Cocina Económica de Ferrol*, inscrita no Rexistro Provincial de Asociacións da Coruña, co número 1996/4176-1ª.

-*Asociación de Discapacitados da Bisbarra de Muros-Adisbismur*, inscrita no Rexistro Provincial de Asociacións da Coruña, co número 1982/1192-1ª.

Contra esta orde que pon fin á vía administrativa, pode interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, podendo interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes, segundo o disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2011.

Alfonso Rueda Valenzuela
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

Corrección de erros.-Resolución do 21 de febreiro de 2011, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se aproban as bases reguladoras das subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, a entidades sen ánimo de lucro para desenvolver proxectos destinados a favorecer os procesos de acollida e integración da poboación inmigrante e retornada na Comunidade Autónoma galega, e se procede á súa convocatoria para o ano 2011.

Con data do 17 de marzo de 2011 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* nº 54 a Resolución do 21

de febreiro de 2011, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se aproban as bases reguladoras das subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, a entidades sen ánimo de lucro para desenvolver proxectos destinados a favorecer os procesos de acollida e integración da poboación inmigrante e retornada na Comunidade Autónoma galega, e se procede á súa convocatoria para o ano 2011. Advertido erro nela, cómpre facer a oportuna corrección:

-Na páxina 4.539, no artigo 20º, parágrafo 3, onde di: «.....procederáse de acordo co número 5 deste artigo», debe dicir: «..... procederáse de acordo co número 6 deste artigo».

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

Orde do 10 de marzo de 2011 sobre a aprobación definitiva do Plan especial de protección, rehabilitación e mellora do medio rural de San Salvador dos Penedos do concello de Allariz (Ourense).

O Concello de Allariz eleva novamente, en solicitude da súa aprobación definitiva, o expediente do PEPRMMR de San Salvador dos Penedos, de conformidade co previsto no artigo 87º.3 da LOUG, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

I. Antecedentes.

1. Mediante Orde do 24 de maio de 2010 a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas ditou, de conformidade co artigo 85º.5.b) da LOUG, resolución de non outorgar a aprobación definitiva do plan especial de protección, rehabilitación e mellora do medio rural de San Salvador dos Penedos do Concello de Allariz; e instou á elaboración dos documentos corrixidos precisos para emendar as deficiencias sinaladas no corpo desa orde e a eleválos novamente, logo dos trámites oportunos, a esta consellería para a súa aprobación definitiva.

2. En cumprimento da lexislación sectorial vixente solicitáronse e emitíronse os seguintes informes:

a) Decisión do 21-7-2009 da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental pola que se